



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
IES ISAAC DÍAZ PARDO
SADA**

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

MÓDULOS III E IV

CURSO 2025/26

Sumario

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN, MÓDULOS III e IV. ENSINO SECUNDARIO DE ADULTOS (ESA)	3
1. Introducción	3
2. Obxectivos do ámbito e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	3
3. Unidades didácticas. Secuenciación e temporalización.	6
4. Metodoloxía	14
-. Concrecións metodolóxicas	14
-. Materiais e recursos didácticos.	16
5. Avaliación.	17
-. Procedemento para a avaliación inicial	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7. Transversalidade	19
-. Concreción dos elementos transversais.	19
-. Actividades complementarias.	20
8. Práctica docente	20
- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.	21

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULOS III E IV. ENSINO SECUNDARIO DE ADULTOS (ESA)

1. Introducción

A lingua é un instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos; ademais, está presente nos procesos de ensino-aprendizaxe. Así mesmo, aprender a comunicarse permite ao alumnado adulto achegarse a novas culturas e desenvolver a capacidade de convivir a partir de premisas como a igualdade e o respecto, así como de resolver conflitos de maneira dialogante e pacífica.

Así mesmo, na era das tecnoloxías da información e da profusión de medios de comunicación, todo o alumnado debe estar preparado para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que favorece o seu aproveitamento para reforzar a aprendizaxe e o ensino das linguas e culturas estranxeiras. Parece claro que o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización informacional e o uso adecuado, seguro e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante no ámbito.

O alumnado matriculado na ESA é heteroxéneo, tanto en idade como en formación, polo que é imprescindible valorar o grao de coñecementos previos e adoptar as medidas necesarias para atender as súas necesidades e intereses. Ao iniciar cada unidade, valorarase o grao de coñecemento previo e tomaranse as medidas necesarias para corrixir as carencias antes de traballar a materia do curso actual, escolleranse os contidos e os criterios de avaliación do currículo que mellor se adapten ao perfil do alumnado e proporanse as situacións de aprendizaxe máis convenientes para que acade os obxectivos e as competencias clave, o cal pode implicar reaxustes nesta Programación, que, de ser o caso, se farán constar na memoria final de curso.

2. Obxectivos do ámbito e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A *ORDE do 2 de outubro de 2024 pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia* dispón que os **obxectivos** a acadar polo alumnado a través do Ámbito de Comunicación son os seguintes:

OBX1. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir das tres linguas do ámbito, a través da identificación das linguas da contorna e as súas semellanzas e

diferenzas coa lingua estranxeira e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais, escritos e multimodais, identificando o sentido global e a información relevante, explícita e implícita para construír coñecemento e satisfacer diversas necesidades e intereses comunicativos.

OBX3. Producir textos orais, escritos e multimodais con corrección gramatical e ortográfica, coherencia, claridade e rexistro adecuados, seriando correctamente os contidos para expresar ideas, sentimentos e conceptos e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

OBX4. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.

OBX5. Desenvolver habilidades de lectura autónoma e acompañada, analizando e seleccionando obras literarias segundo os gustos e intereses persoais e identificando os xéneros e convencións para recoñecer a literatura como manifestación artística e fonte de pracer e coñecemento.

OBX6. Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e reflexionar sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para o desenvolvemento da conciencia lingüística, a mellorara das destrezas de produción e comprensión nas linguas cooficiais e a resposta a necesidades comunicativas básicas na lingua estranxeira.

OBX7. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.

OBX8. Comprender, en lingua estranxeira, o sentido xeral e información específica que se poida predicir de textos moi breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio para desenvolver un repertorio lingüístico básico e responder a necesidades comunicativas cotiáns.

OBX9. Producir, en lingua estranxeira, textos moi sinxelos e breves de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio para expresar mensaxes breves relacionadas con necesidades básicas inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiáns.

OBX10. Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas, usando expresións básicas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.

OBX 11. Iniciarse na mediación en situacións predicibles entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos co fin de facilitar a comunicación para procesar e transmitir información básica e moi sinxela.

Estes **obxectivos** **vincúlanse directamente cos descritores das oito competencias básicas** no perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico, que, segundo o

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, son as seguintes:

1. CCL-Competencia en comunicación lingüística.
2. CP-Competencia plurilingüe.
3. STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
4. CD-Competencia dixital.
5. CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
6. CC-Competencia cidadá.
7. CE-Competencia emprendedora.
8. CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Así pois, as achegas do Ámbito de comunicación para que o alumnado da ESA adquira as competencias clave poden resumirse do xeito que segue:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A aprendizaxe neste ámbito require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con documentos en varios formatos nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar e polo tanto construír o pensamento propio, así como establecer a comunicación necesaria no ámbito social no que nos desenvolvemos.

- **Competencia plurilingüe (CP)**

A aprendizaxe de habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e contexto comunicativos.

- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)**

A linguaxe é a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

- **Competencia dixital (CD)**

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital.

. **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo. Aliás, o ámbito capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento para pensar, planificar analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado.

Potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e estratexias para unha aprendizaxe autónoma: uso do dicionario, elaboración de esquemas, etc.

. **Competencias cidadá (CC)**

O ámbito afianza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e analizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio dende o respecto, mediante o diálogo, a cooperación e a participación. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas e para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Tamén propón estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo, incidindo na comprensión das consecuencias que a intervención do ser humano ten na contorna e na sociedade.

. **Competencia emprendedora (CE)**

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

. **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)**

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste Ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade así como a erradicación de usos discriminatorios da linguaxe.

3. Unidades didácticas. Secuenciación e temporalización.

Para a elaboración das **unidades didácticas** da ESA no presente curso escolar teranse en conta os **criterios de avaliación** e os **contidos** do Ámbito de comunicación (Módulos III e IV) que se especifican na *Orde de 2 de outubro de 2024* e que tamén se fan constar a continuación.

Estes criterios de avaliación e contidos estrutúranse en bloques: Bloque 1. As linguas e os seus falantes, Bloque 2. Comunicación oral, Bloque 3. Comunicación escrita, Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional, Bloque 5. Educación literaria, Bloque 6. Reflexión sobre a lingua, Bloque 7. Comunicación en lingua. Todos estes bloques están enfocados a comunicarse de forma apropiada nas linguas do ámbito, tanto no nivel oral como no escrito, así como iniciarse na comprensión e expresión na lingua estranxeira. Para iso, partírase dun enfoque plurilingüe onde se terán en conta as linguas e variedades que conforman os repertorios do alumnado, para que este poida mellorar a súa capacidade comunicativa nas tres linguas. O desenvolvemento desta competencia vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes; esta experiencia supón un enriquecemento para a persoa. Ademais, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira axudará a favorecer a empatía, desenvolver a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais, practicar o respecto polas diferenzas, atopar os puntos de conexión e facilitar a competencia comunicativa intercultural.

A temporalización e secuenciación que se propoñen para os Módulos III e IV do Ámbito de comunicación son as seguintes:

Módulo III:

Clases do Módulo III:

do 15 de setembro de 2025 ao 5 de febreiro de 2026

- ☐ Exames Bloque I (temas 1-7)-> do 10 ao 13 de novembro de 2025
- ☐ Avaliación intermedia Módulo III-> xoves, 20 de novembro de 2025
- ☐ Exames Bloque II (temas 8-14)-> do 26 ao 29 de xaneiro de 2026
- ☐ Avaliación Módulo III -> 5 de febreiro de 2026
- ☐ Exames extraordinarios Módulo III -> do 11 ao 14 de maio de 2026
- ☐ Avaliación extraordinaria Módulo III -> 21 de maio de 2026

Módulo IV:

Clases do Módulo IV:

. do 9 de febreiro ao 19 de xuño de 2026

- ☐ Exames Bloque I (temas 1-7) -> do 7 ao 9 de abril de 2026
- ☐ Avaliación intermedia Módulo IV -> 16 de abril de 2026
- ☐ Exames Bloque II (temas 7-14) -> do 1 ao 4 de xuño de 2026
- ☐ Avaliación ordinaria do Módulo IV -> 11 de xuño
- ☐ Probas da avaliación extraordinaria: 17, 18 e 19 de xuño
- ☐ Sesión da avaliación extraordinaria : 22 de xuño

Nas táboas que figuran a continuación establécense os contidos e os criterios de avaliación dos módulos, así como a vinculación destes últimos cos obxectivos do Ámbito de comunicación, tal como recolle a *ORDE do 2 de outubro de 2024 pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia*

MÓDULO III

Ámbito de Comunicación Módulo III	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes: sociolingüística e oralidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, coñecendo a lexislación vixente sobre dereitos e obrigas das linguas oficiais e cooficiais da península. Carta europea das linguas.	OBX5
CA1.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.	OBX5
CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX5
CA1.4. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e realizando as inferencias necesarias.	OBX1
CA1.5. Valorar a forma e o contido de textos expositivos orais, de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX1
CA1.6. Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX1

Criterios de avaliación	Obxectivos
CA1.7. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística, utilizando estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	OBX9
Contidos	
- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España e dos dialectos do castelán dentro do Estado español e a súa implicación hispanoamericana. O español estándar. - Os fenómenos sociolingüísticos do contacto e a convivencia entre linguas: bilingüismo e diglosia. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. A linguaxe sexista, vexatoria e discriminatoria. - Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Análise da diversidade lingüística do contorno. Biografía lingüística. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. Diferenzas entre os trazos dialectais e os rexistros. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Interacción oral de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. - Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A exposición oral de tipo académico.	
Bloque 2. A gramática dos textos: comprensión e produción escrita.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, e realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	OBX1

CA2.2. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, con especial atención ao texto expositivo, atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	OBX1
CA2.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4
CA2.4. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico, respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX2
CA2.5. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	OBX1
CA2.6. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX4
CA2.7. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX1
CA2.8. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX4
Contidos	
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos escritos e multimodais. - Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos expositivos científicos, técnicos e humanísticos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. A reportaxe e a crónica xornalísticas. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise de textos escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: resumos, definicións e esquemas alfanuméricos.	

- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste e de causa e consecuencia. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e hipónimos). - Estratexias de reflexión lingüística e gramatical en lingua galega e castelá, con atención ás semellanzas e diferenzas entre elas. - Recoñecemento das categorías gramaticais que integran o sintagma nominal (substantivo, adxectivo, determinantes e pronomes). - Distinción entre o paradigma verbal do galego e do castelán. Formas simples e formas compostas nos tres modos (indicativo, subxuntivo e imperativo). - Selección do léxico axeitado á intención comunicativa do texto. A formación de palabras (prefixación e sufixación). A familia léxica. As relacións de significado (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia). Os campos semánticos (hiperonimia e hiponimia). - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. A orde sintáctica da oración simple. A colocación dos pronomes en lingua galega e lingua castelá. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. - Alfabetización informacional. - Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. - Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.													
Bloque 3. Comunicación: a arte literaria													
<table border="1"> <thead> <tr> <th>Criterios de avaliación</th><th>Obxectivos</th></tr> </thead> <tbody> <tr> <td> - CA3.1. Comprender e valorar as características principais dos períodos literarios desde a Idade Media ata o século XVIII tanto na literatura galega como na castelá, entendendo que os movementos literarios son feitos que traspasan espazos e tempos. Visión esquemática dos diferentes períodos. </td><td>OBX3</td></tr> <tr> <td> - CA3.2. Comprender e valorar a través dos textos seleccionados para tal fin, as características da Idade Media na literatura galega e na castelá, interaccionando con outras literaturas peninsulares. Comprender a lírica medieval galego-portuguesa, as manifestacións en prosa, teatro galego, os cantares de xesta, lírica culta e popular en ambas as dúas literaturas; así mesmo, valorar a transición que supuxo o século XV. </td><td>OBX3</td></tr> <tr> <td> - CA3.3. Comprender e valorar a estrutura, contido e forma dos textos correspondentes ao período medieval dun xeito guiado. </td><td>OBX3</td></tr> <tr> <td> - CA3.4. Comprender e valorar as características principais do período Séculos Escuros-Séculos de Ouro da literatura galega e castelá. </td><td>OBX3</td></tr> <tr> <td> - CA3.5. Analizar e argumentar os textos seleccionados dos Séculos Escuros e dos Séculos de Ouro con especial atención á estrutura, forma e contido destes, podendo tirar consecuencias da observación dos elementos comúns a eles en temas e forma. </td><td>OBX3</td></tr> </tbody> </table>	Criterios de avaliación	Obxectivos	CA3.1. Comprender e valorar as características principais dos períodos literarios desde a Idade Media ata o século XVIII tanto na literatura galega como na castelá, entendendo que os movementos literarios son feitos que traspasan espazos e tempos. Visión esquemática dos diferentes períodos.	OBX3	CA3.2. Comprender e valorar a través dos textos seleccionados para tal fin, as características da Idade Media na literatura galega e na castelá, interaccionando con outras literaturas peninsulares. Comprender a lírica medieval galego-portuguesa, as manifestacións en prosa, teatro galego, os cantares de xesta, lírica culta e popular en ambas as dúas literaturas; así mesmo, valorar a transición que supuxo o século XV.	OBX3	CA3.3. Comprender e valorar a estrutura, contido e forma dos textos correspondentes ao período medieval dun xeito guiado.	OBX3	CA3.4. Comprender e valorar as características principais do período Séculos Escuros-Séculos de Ouro da literatura galega e castelá.	OBX3	CA3.5. Analizar e argumentar os textos seleccionados dos Séculos Escuros e dos Séculos de Ouro con especial atención á estrutura, forma e contido destes, podendo tirar consecuencias da observación dos elementos comúns a eles en temas e forma.	OBX3	
Criterios de avaliación	Obxectivos												
CA3.1. Comprender e valorar as características principais dos períodos literarios desde a Idade Media ata o século XVIII tanto na literatura galega como na castelá, entendendo que os movementos literarios son feitos que traspasan espazos e tempos. Visión esquemática dos diferentes períodos.	OBX3												
CA3.2. Comprender e valorar a través dos textos seleccionados para tal fin, as características da Idade Media na literatura galega e na castelá, interaccionando con outras literaturas peninsulares. Comprender a lírica medieval galego-portuguesa, as manifestacións en prosa, teatro galego, os cantares de xesta, lírica culta e popular en ambas as dúas literaturas; así mesmo, valorar a transición que supuxo o século XV.	OBX3												
CA3.3. Comprender e valorar a estrutura, contido e forma dos textos correspondentes ao período medieval dun xeito guiado.	OBX3												
CA3.4. Comprender e valorar as características principais do período Séculos Escuros-Séculos de Ouro da literatura galega e castelá.	OBX3												
CA3.5. Analizar e argumentar os textos seleccionados dos Séculos Escuros e dos Séculos de Ouro con especial atención á estrutura, forma e contido destes, podendo tirar consecuencias da observación dos elementos comúns a eles en temas e forma.	OBX3												

CA3.6. Comprender e valorar as características da literatura do século XVIII-A Ilustración en galego e castelán a través da selección de textos indicada para tal fin, prestando atención aos xéneros, á estrutura dos textos e á forma destes.	OBX3
CA3.7. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX3
Contidos	
- Lectura guiada. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde a Idade Media ata o século XVIII. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII. - Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación, etc.). - Lectura autónoma. - Lectura comprensiva dunha obra actual proposta na aula co fin de crear pequenos clubs de lectura de aula. - Concienciación ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais, etc.	

Bloque 4. Comunicación en lingua estranxeira	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA4.1. Extraer o sentido global e a información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais sinxelos sobre temas cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes, usando as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa.	OBX6
CA4.2. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais, co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas, e prestando atención á acentuación e á pronuncia.	OBX7
CA4.3. Redactar e difundir textos sinxelos de extensión media sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, aplicando as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX7
CA4.4. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sinxelas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital e usando as estratexias básicas adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra e solicitar aclaracións.	OBX8
CA4.5. Inferir conceptos e explicar comunicacións breves e sinxelas en situacións en que se atende a diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de comprensión apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX9
CA4.6. Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX4
CA4.7. Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX4
CA4.8. Participar activamente en proxectos nos cales se empregan varias linguas relacionados con elementos transversais ou aspectos socioculturais, apreciando e explicando a diversidade lingüística e cultural, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo ou estereotipo.	OBX5
Contidos	

- Estratexias e modelos contextuais de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais sinxelos. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación e interacción en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes, expresar a opinión, a posibilidade e a capacidade. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación. - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e significados asociados a eles. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. Uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. - Uso de dicionarios e material de consulta en rede. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais para a aprendizaxe, a procura de información, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos. - Estratexias de uso común para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, así como técnicas de aprendizaxe e de compensación das carencias comunicativas. O erro como instrumento de mellora e reparación. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para espertar a curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas, entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
--

Módulo IV.

Ámbito de Comunicación Módulo IV	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes: sociolingüística e oralidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do galego (bloques, áreas dialectais), a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, coñecendo a lexislación vixente sobre dereitos e obrigas das linguas oficiais e cooficiais da península. Carta europea das linguas.	OBX5
CA1.2. Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiás dos ámbitos persoal e profesional.	OBX5
CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	OBX5
CA1.4. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, e realizando as inferencias necesarias.	OBX1
CA1.5. Valorar a forma e o contido de textos argumentativos orais, de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	OBX1
CA1.6. Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX1
CA1.7. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística, utilizando estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	OBX9
Contidos	

• Recoñecemento das variedades dialectais do galego. Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/ das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre o galego normativo e as variedades dialectais. • Os fenómenos do contacto entre linguas: os préstamos e as interferencias lingüísticas. O castrapo. • Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. • Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Diferenzas entre os trazos dialectais e os sociolectos. • Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. A linguaxe inclusiva fronte á linguaxe discriminatoria. • Xéneros discursivos propios do ámbito social e profesional: o debate e a entrevista de traballo. • Interacción oral de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional. • Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.	
Bloque 2. A gramática dos textos: comprensión e produción escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	OBX1
• CA2.2. Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, con especial atención ao texto argumentativo, atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	OBX1
• CA2.3. Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunica de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	OBX2
• CA2.5. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	OBX1
• CA2.6. Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX4
• CA2.7. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	OBX1
• CA2.8. Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX4
Contidos	
• Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos, escritos e multimodais. – Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. – Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. – Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. – Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación. – Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Os xéneros xornalísticos de opinión (crítica, artigo/ columna de opinión, editorial, carta á dirección). • Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos escritos e multimodais. – Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: mapas conceptuais, diagramas, gráficas e textos descontinuos. – Mecanismos de cohesión. Emprego de todo tipo de conectores textuais (temporais, explicativos, de orde e de contraste, de causa e consecuencia, de condición e de hipótese). Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e hipónimos, elipses). • Estratexias de reflexión lingüística e gramatical en lingua galega e castelá, con atención ás semellanzas e diferenzas entre elas. – Distinción dos diferentes valores dos tempos verbais en galego e castelán. Estrutura e significado das perífrases verbais. – Recoñecemento da estrutura básica das oracións expresadas en voz activa e pasiva. A expresión da impersonalidade. As estruturas sintácticas coordinadas. – Selección do léxico axeitado á intención comunicativa do texto. A formación de palabras (composición e parasíntese). Os campos semánticos e asociativos. O significado denotativo e connotativo. Tabús e eufemismos. – Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. O estilo directo e indirecto. – Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. – Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua. • Alfabetización informacional. – Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. – Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e a desinformación e a vulneración da privacidade. – Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.	

Bloque 3. Comunicación: a arte literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA3.1. Comprender e valorar as características principais dos períodos literarios comprendidos desde o século XIX ata a actualidade na literatura galega e castelá, o seu contexto sociohistórico e a relación con outras artes, ofrecendo unha visión esquemática das diferentes correntes literarias.	OBX3
CA3.2. Comprender e valorar as características dos movementos literarios do século XIX: Realismo e Romanticismo, tanto en galego coma en castelán, tendo en conta os puntos en común e os trazos diferenciadores, a través dunha escolla de textos para tal fin.	OBX3
CA3.3. Comprender e valorar as características dos movementos literarios de fins do XIX e comezos do XX tanto en galego coma en castelán: literatura das Irmandades, Xeración do 98, Modernismo, tendo en conta puntos comúns e diferentes a través dunha selección de textos, atendendo á literatura en feminino que existiu nestes períodos.	OBX3
CA3.4. Comprender e valorar o movemento das vangardas en galego e castelán, entendendo a universalidade do movemento e subliñando a literatura en feminino que existiu neste período.	OBX3

Criterios de avaliación	Obxectivos
CA3.5. Valorar e entender os movementos literarios que se producen en España tras a Guerra Civil do 36, a recuperación literaria e a creación de tendencias; a literatura do exilio.	OBX3
CA3.6. Comprender e analizar a literatura desde 1975 ata hoxe a través dunha selección de textos, autores/as e obras representativos das literaturas galega e castelá.	OBX3
CA3.7. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	OBX3

Contidos
- Lectura guiada. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español e galego desde o século XIX ata a actualidade. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal, con especial atención ao hispanoamericano desde o século XIX ata a actualidade. - Estratexias de construción literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais. - Construción do sentido da obra a partir da análise dos seus elementos formais e contextuais. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación, etc.). - Lectura autónoma. - Lectura reflexiva dunha obra proposta na aula co fin de crear un club de lectura de aula. - Implicación na lectura de forma progresivamente autónoma e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura sustentada en modelos. - Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia contra a violencia de xénero, o sexismo, o racismo e a homofobia.

Bloque 4. Comunicación en lingua estranxeira	
Criterios de avaliación	Obxectivos
CA4.1. Extraer e analizar o sentido global e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns e de relevancia persoal, profesional ou sobre aspectos socioculturais, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes, aplicando as estratexias máis adecuadas á tarefa.	OBX6
CA4.2. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal, profesional ou sobre aspectos socioculturais, co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación, e prestando atención á acentuación e á pronuncia.	OBX7
CA4.3. Redactar e difundir textos de extensión media sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal, profesional ou sobre aspectos socioculturais con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, aplicando as estratexias máis adecuadas á tarefa, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX7
CA4.4. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal ou profesional mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital e utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións ou colaborar e xestionar situacións comprometidas.	OBX8
CA4.5. Inferir conceptos e explicar textos e comunicacións breves e sinxelas en situacións en que se atende a diversidade, apoiándose en diversos recursos e soportes, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas e participando na solución de problemas de comprensión.	OBX9
CA4.6. Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX4

CA4.7. Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX4
CA4.8. Planificar e participar activamente en proxectos nos cales se empregan varias linguas relacionados con elementos transversais ou aspectos socioculturais, defendendo e apreciando a diversidade lingüística e cultural, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo ou estereotipo.	OBX5

Contidos
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación e interacción en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; expresar a incerteza e a dúbida. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar, formación e ámbito laboral. - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. Uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. - Uso autónomo de dicionarios e material de consulta en rede, dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais para a aprendizaxe, a procura de información, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos. - Estratexias de uso común para identificar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, así como técnicas de aprendizaxe e de compensación das carencias comunicativas. O erro como instrumento de mellora e reparación. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para despertar a curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas, entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4. Metodoloxía

-. Concrecións metodolóxicas

As persoas adultas que se achegan ao sistema educativo teñen perfís diferentes, xa que tamén son diferentes as súas idades, as súas experiencias vitais e a súa formación. Desta premisa partimos para deseñar unha **metodoloxía** que nos permita adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos seus intereses e necesidades, tendo moi en conta tanto os diferentes ritmos de aprendizaxe como as súas capacidades para construír, de xeito autónomo, o seu propio coñecemento, neste caso relacionado cos saberes básicos do ámbito de comunicación e a implicación que todos eles teñen na sociedade.

A metodoloxía será flexible e inclusiva é idónea para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos das tres linguas que conforman o ámbito de Comunicación que o proceso de ensino-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso se fomentará o deseño de

actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos.

A metodoloxía fomentará a autoaprendizaxe e terá en conta as particularidades propias da poboación adulta cuxo proceso de aprendizaxe precisa dun enfoque metodolóxico específico que parta das súas experiencias e vivencias explotando o potencial formativo da bagaxe cultural de cada alumno ou alumna e das aprendizaxes informais e non formais adquiridas tendo en consideración os seus ritmos de aprendizaxe e prestando especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Promoverase e facilitarase o desenvolvemento competencial do alumnado, para o tratamento da atención á diversidade, ao respectar os distintos estilos de aprendizaxe a través do deseño de actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo. As actividades deberán ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e contribuír á formación en destrezas comunicativas e cooperativas e ao reforzo da autoestima.

Os **principios metodolóxicos** que guían esta Programación Didáctica son os seguintes:

- Teranse en conta o perfil do alumnado e as súas especificidades en relación coa aprendizaxe, así como os seus coñecementos previos e os seus intereses, para determinar as necesidades de cadaquén e facer as propostas de traballo máis axeitadas, prestando especial atención ás necesidades específicas de apoio.
- Favorecerase a aprendizaxe significativa para que o alumnado, mediante a relación dos seus coñecementos previos cos de nova adquisición, modifique, reorganice e enriqueza os seus esquemas cognitivos e progrese na construción do seu propio coñecemento.
- Favorecerase a aprendizaxe funcional, introducindo contidos a partir de situacións problemáticas para que o alumnado aplique os coñecementos adquiridos á súa resolución tanto no medio académico como na súa vida persoal.
- Fomentarase a autoaprendizaxe e o desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado, así como o seu pensamento crítico e rigoroso, co fin de que reflexione sobre o proceso de aprendizaxe, valore o seu progreso, corrixa os seus erros e aplique e transfira con confianza o aprendido, tanto no medio académico como na súa vida diaria.
- Promoverase o traballo cooperativo respectando os principios básicos das interaccións humanas co fin de concienciar o alumnado das vantaxes do apoio mutuo para progresar na adquisición dos coñecementos e na súa vida académica e persoal.

Poñeremos en práctica estes principios a través das seguintes **estratexias metodolóxicas**:

- Farase a exposición dos contidos buscando a implicación do alumnado para que interveña de forma ordenada e significativa, sexa de xeito espontáneo ou como resposta a preguntas ou formulacións do docente.

- Empregaranse exemplos prácticos na exposición dos contidos que sirvan de modelo para a realización das actividades e tarefas que se proporán ao alumnado para que adquiera os novos coñecementos.
- Proporanse actividades ou tarefas relacionadas cos contidos traballados para que o alumnado realice de forma autónoma, na aula ou fóra dela, individualmente ou en grupo, segundo conveña, buscando a integración dos seus coñecementos previos cos novos a través da reflexión e o traballo persoal e coa guía e apoio do profesorado, sempre que sexa preciso.
- Revisaranse, de forma colectiva e/ou individual, as actividades e tarefas realizadas, con intervencións ordenadas e significativas do alumnado para detectar e corrixir erros, solucionar dúbidas, facer propostas alternativas, reforzar ou ampliar coñecementos, etc.
- Empregarase sistematicamente a aula virtual para consulta de material informativo escrito e audiovisual, exemplos prácticos, exercicios e problemas resoltos paso a paso, etc. , así como para a realización de actividades e tarefas.
- Titorizarase o traballo persoal do alumnado, na aula ou fóra dela, con intercambios presenciais e/ou telemáticos (especialmente a través da aula virtual), para a resolución de dúbidas, explicacións complementarias, apoio, motivación, etc., así como para notificacións diversas relacionadas co progreso do alumnado (notas de clase, probas e exames) ou co desenvolvemento do traballo ao longo do curso (datas das probas, prazos de entrega dos traballos, adaptacións da programación, etc.)

As estratexias metodolóxicas concretaranse a través das seguintes **actividades**:

- Actividades iniciais para determinar os coñecementos previos do alumnado e as propostas de traballo máis axeitadas.
- Actividades de desenvolvemento para que o alumnado aprenda facendo, partindo de propostas de traballo estruturadas e guiadas que lle permitan, máis adiante, encarar tarefas máis complexas.
- Actividades de reforzo e ampliación para atender as necesidades do alumnado que teña capacidades diversas e/ou diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Actividades de avaliación para que o alumnado coñeza en todo momento o seu progreso, reflexione sobre el e adopte, coa axuda do profesorado, as medidas necesarias para que se faga efectivo.

-. Materiais e recursos didácticos.

Empregarase o material didáctico editado pola Xunta de Galicia para a Educación Secundaria das persoas adultas e tamén recursos didácticos variados preparados polo profesorado que complementen o anteriormente citado ou o substitúan cando sexa preciso segundo as características e necesidades do alumnado. O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con panel dixital e encerado tradicional. Ademais, fomentarse a utilización da **Aula Virtual** de xeito habitual, non só para a consulta de todo o material que alí se proporciona (explicacións escritas,

vídeos explicativos, exercicios resoltos paso a paso para facilitar a autocorrección, cuestionarios de autoavaliación...) senón tamén para a proposta e realización de tarefas e a interacción entre o alumnado e o profesorado (consulta e resolución de dúbidas, corrección das tarefas, instrucións para a correcta realización das tarefas, planificación semanal do traballo, datas de exames...) Tamén se fará uso da biblioteca co préstamo de libros que serán os de lectura do curso :

- Memorias dun neno labrego* , de Xosé Neira Vilas, para a materia de galego
- El camino* de Miguel Delibes, para a materia de Lingua castelá.

5. Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

Durante os primeiros días do curso farase unha avaliación inicial que consistirá tanto na observación do traballo na aula coma na realización dunha ou varias probas co fin de obter información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das súas competencias. O resultado acadado na avaliación inicial non terá valor na cualificación da avaliación, pero servirá para adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades dos alumnos e permitirá establecer as medidas necesarias para atendelas (actividades de reforzo, actividades específicas para atender necesidades educativas específicas, etc)

CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO POR AVALIACIÓNS:

A cualificación de cada avaliación deducirase da seguinte ponderación no caso das materias de **Lingua castelá e Lingua galega e literatura**:

70% a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha **das probas**, escritas ou orais, realizadas dentro da avaliación, cada unha delas valorada sobre 10 puntos. No caso de realizar a recuperación dunha proba escrita dentro da avaliación, escollerase como cualificación da proba a nota máis alta entre a que tiña e a da recuperación correspondente.

10% da nota total. O libro de lectura. En cada un dos módulos (módulo III e módulo IV) o departamento establecerá a lectura dun libro, que se avaliará por medio dunha proba escrita e/ou traballo. Será obrigatorio para poder aprobar a demostración de que a obra foi lida. Avaliarase a continuación o grao de comprensión, de corrección gramatical e ortográfica.

10% a realización e entrega a través da aula virtual, dentro dos prazos establecidos, das tarefas obrigatorias solicitadas pola profesora para todo o alumnado matriculado.

10% o traballo desenvolvido polo alumnado na aula, que será avaliado mediante a **observación directa**.

ORTOGRAFÍA

Poderase descontar por faltas de ortografía e erros gramaticais graves ata un punto: A razón de 0'2 por cada una das faltas graves (erros de coherencia ou redacción ou uso incorrecto de b/ h, y ...) e 0,1 por erros que teñan que ver coa acentuación.

No caso da materia de **Inglés**, para calcular a nota media de cada unha das avaliacións, aplicaremos a media dos distintos exames escritos, nos que a puntuación de cada un dos exercicios aparecerá especificado. Para as avaliacións non superadas terase en conta que a avaliación será continua e, polo tanto, NON haberá recuperacións. Se o alumno suspende unha das avaliacións, recupérase aprobando as seguintes, xa que en todas as probas se incluírán contidos das avaliacións anteriores.

Nota final na avaliación ordinaria: a nota final na materia corresponderá á nota obtida na última avaliación. Será necesario ter esta superada cunha cualificación de 5 ou superior a 5 para aprobar a materia.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de proxectos, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria debe realizar o exame da convocatoria extraordinaria, que é unha proba única que supón o 100% da cualificación na que se poderán preguntar todos os contidos desenvolvidos durante o curso.

ALUMNADO QUE DESEXE AUMENTAR A NOTA DE CADA AVALIACIÓN: O alumno ou alumna que desexe aumentar a nota dunha avaliación **poderá presentarse ao exame de recuperación de dita avaliación** que se realizará a final de curso (proba específica de cada avaliación, similar en estrutura, cuestións e contidos ás xa realizadas na mesma) Nese caso, volverase despois a calcular a media aritmética das cualificacións numéricas das probas **escollo como cualificación de cada proba a nota máis alta** entre a que tiña e a da recuperación correspondente.

CONSIDERACIÓNS PARA A REALIZACIÓN E REVISIÓN DAS PRBAS OBXECTIVAS:

- As posibles probas orais serán gravadas durante a realización das mesmas.
- As probas escritas deben realizarse con bolígrafo de tinta azul ou negra indeleble.
- O alumnado debe realizar a proba escrita que se lle entregue, sen modificar a súa estrutura (non está permitido quitar as grampas nin engadir follas soltas; en caso de que se precise outra folla debe comunicalo ao profesorado)
- Durante todas as probas escritas o alumnado debe ter a mesa despexada (sen papeis, estoxos, dispositivos electrónicos, etc. tanto na parte superior coma na inferior) e as mochilas, libros e cadernos pechados. O teléfono móbil, reloxo ou calquera outro dispositivo electrónico deben estar gardados e non poden estar activados. Non se permite o emprego de dispositivos de escoita non autorizados, mantendo en todo o momento o alumnado os pavillóns auditivos despexados.
- O alumnado deberá gardar os seus reloxos e manter os pulsos despexados.
- En todo o tempo de realización da proba o alumnado debe manter unha actitude que favoreza o ambiente de traballo, permanecendo sentado e en silencio, sen

abandonar a aula aínda que xa entregara o seu exame e tendo en conta que todas as normas seguen vixentes ata o remate da sesión.

- O alumnado deberá estar na aula ao comezo da sesión e non poderá entregar a súa proba nos primeiros trinta minutos. Rematado este tempo, ningún alumno ou alumna poderá comezar a proba no caso de que se incorpore tardiamente á mesma por causa xustificada. No caso dunha incorporación tardía antes dos trinta minutos que estea xustificada, a profesora valorará a realización da proba nese momento ou a súa posposición para garantir que a poida realizar no tempo para a que está programada.
- Se un alumno ou alumna impide que se realice a proba no ambiente de traballo adecuado a profesora poderá retirarlle o exame antes do tempo estipulado para a realización do mesmo. No caso de que o alumnado se negue a entregar o exame cando se lle solicita, este poderá ser cualificado cun 0.

6. Medidas de atención á diversidade

Dadas as características da educación de adultos e a integración de materias en ámbitos, as medidas de atención á diversidade rexeranse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

A integración de materias en ámbitos é xa unha medida de atención á diversidade que ten como obxectivo a adquisición das competencias clave e dos obxectivos da educación secundaria. As medidas tomadas terán como obxectivo a adquisición das competencias clave, os estándares de aprendizaxe e os obxectivos da educación secundaria con fin de que o alumnado maior de dezoito anos poda obter o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Nos casos de atención a necesidades educativas especiais, realizaranse os axustes precisos e levaranse a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa.

O principio de atención á diversidade na aula debe entenderse como un modelo de ensino adaptativo. Dado que debe atender a cada un dos alumnos de xeito individual, será o profesorado o que concrete e desenvolva a súa actividade, adaptándoa ás necesidades peculiares de cada alumno/a.

Se se detectan necesidades educativas especiais adoptaranse as seguintes medidas de reforzo:

1. Atención individual intensiva na realización das tarefas
2. Subministración de material de apoio na aula e/ou na aula virtual

3. Ampliación de tempo na realización de probas.
4. Apoios en pequeno grupo.
5. Realización de tarefas en grupo

Para o alumnado que supere amplamente os obxectivos mínimos preveranse as seguintes medidas de ampliación:

1. Realización de exercicios máis complexos que favorezan a aprendizaxe autónoma.
2. Iniciación ou afondamento no coñecemento de novos conceptos.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

7. Transversalidade.

- Concreción dos elementos transversais.

As materias de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Inglés, son disciplinas privilexiadas para o traballo dos elementos transversais, que son:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual e TICs
- Emprendemento social e empresarial
- Espírito crítico
- Educación emocional e en valores
- Inclusión, igualdade de xénero e diversidade cultural
- Saúde
- Sustentabilidade e consumo responsable

As actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensinoaprendizaxe, son constantes que levan aparelado o incremento do espírito crítico.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

O estudo da traxectoria e obra literaria dos autores tratados, facilitarán a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade de todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

Procurarase que no desenvolvemento das materias participe o alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, o emprendemento social e empresarial e o tratamento de temas como a saúde e a sustentabilidade. Isto acontecerá, alén de nas múltiples lecturas que se farán, na realización de actividades como recitais, pequenas representacións teatrais, debates, contos ou visualizacións de diversos materiais videográficos que traten calquera dos temas que consideramos elementos transversais.

-. Actividades complementarias.

Neste momento non está prevista a realización de actividades complementarias e extraescolares, aínda que non se descarta a posibilidade de incluír algunhas durante o curso que, nese caso, serán reflectidas na memoria final do Departamento.

8. Práctica docente

A avaliación da práctica docente é importante para determinar se todas as accións emprendidas para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito óptimo foron eficaces. A función de guía que ten o profesorado implica ter en conta moitos factores para facer as propostas de traballo axeitadas que permitan ao alumnado acadar os obxectivos e, en consecuencia, as competencias clave, pero tamén ter a capacidade de facer un seguimento exhaustivo de todo o proceso para verificar que se cumpren as expectativas e, no caso de que non sexa así, facer as modificacións pertinentes. Partimos dunha planificación estándar baseada nas directrices lexislativas que cómpre ter en conta, nas primeiras análises do perfil do alumnado, nos principios metodolóxicos que consideramos máis convenientes e na selección, secuenciación e temporalización dos contidos e dos criterios de avaliación que cremos máis adecuados. É ao por en marcha e desenvolver o proxecto cando podemos comprobar se se adecúa, para o cal establecemos o procedemento e os indicadores que se indican a continuación.

-. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

O procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente aplícase de xeito continuo ao longo do curso a través da observación directa do que acontece na aula, da análise do traballo desenvolvido polo alumnado tanto de xeito presencial coma a través dos medios telemáticos (aula virtual) e dos logros que acade, da reflexión sobre a propia práctica docente realizada polo profesorado e do diálogo entre todos os axentes implicados no proceso para determinar que cómpre facer para que a programación proposta se adapte ás necesidades do alumnado. Determinar que modificacións son necesarias e aplicalas no momento preciso é o paso seguinte, pero sen deixar de valorar no día a día a súa idoneidade. Para facelo de xeito sistematizado teremos en conta os indicadores de logro das táboas seguintes:

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	Sempre	Case sempre	Ás veces	Nunca
Desenvólvese o proceso de ensino-aprendizaxe nun ambiente de traballo adecuado e coa participación activa e comprometida dos axentes implicados				
Axústanse as situacións de aprendizaxe propostas ás necesidades e intereses do alumnado				
Aplícanse as medidas curriculares e organizativas precisas ao alumnado con necesidades educativas especiais				
Aplícase correctamente o procedemento de avaliación do alumnado, adaptando, cando sexa preciso, os procedementos e instrumentos propostos				
Valórase axeitadamente o traballo realizado polo alumnado nas diferentes situacións de aprendizaxe e nas probas escritas programadas				
Xéranse os logros esperados na aprendizaxe				
Reflexiónase sobre os logros e tómanse as medidas precisas para que melloren cando sexa necesario				
Establécese o marco de confianza e respecto necesario para que se produza a comunicación fluída entre os axentes implicados no proceso de ensino-aprendizaxe (profesorado, alumnado, familias, orientadores, cargos directivos...) e lévanse a cabo as interaccións necesarias				
Establécese o dialogo entre profesorado e alumnado sobre o desenvolvemento do traballo diario e facilítase a visualización e revisión dos erros e dificultades				
Establécese o diálogo entre profesorado e alumnado sobre e o desenvolvemento e resultados das probas obxectivas e facilítase a información precisa para que poidan realizalas con éxito, coñecer e comprender a valoración obtida e, de ser o caso, emprender as accións necesarias para mellorar a resolución e os resultados				

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PRÁCTICA DOCENTE	Sempre	Case sempre	Ás veces	Nunca
Planifícase a práctica docente tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado				
Escóllense os contidos e criterios de avaliación máis convenientes para a consecución dos logros por parte do alumnado				
Secuencianse as unidades didácticas de xeito progresivo en función das necesidades individuais e grupais do alumnado				
Propóñense situacións de aprendizaxe, tarefas e actividades adaptadas ao perfil do alumnado				
Selecciónanse e elabóranse recursos variados e motivadores atendendo á diversidade e póñense a disposición do alumnado na clase e na aula virtual				
Faise un seguimento efectivo do traballo realizado polo alumnado durante todo o proceso de aprendizaxe, presencialmente e a través da aula virtual e outros medios telemáticos, e valórase segundo os criterios establecidos				

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PRÁCTICA DOCENTE	Sempre	Case sempre	Ás veces	Nunca
Aténdese de xeito personalizado e efectivo a todo o alumnado, sobre todo ao que ten necesidades educativas especiais				
Establécense procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados ao perfil do alumnado				
Infórmase ao alumnado e ás familias sobre a programación didáctica, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e o procedemento de avaliación				
Dialógase co alumnado sobre o desenvolvemento e realización das probas obxectivas, os resultados obtidos e o proceso empregado para a súa valoración, escoitando atentamente dúbidas e suxestións, facendo as aclaracións necesarias e ratificando ou modificando a valoración feita se cómpre				